

## CALENDARIO PARA A CELEBRACIÓN DE ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR

Resolución do 25 de setembro de 2018 (DOG do 08/10/2018)

DATAS	ACTUACIÓNS
29-Outubro (Luns)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Publicación no taboleiro de anuncios do Centro da data e hora no que se procederá ao sorteo público para a designación dos membros da Xunta Electoral. (<i>Artigo 30 do Decreto 92/1988 segundo redacción dada polo Decreto 324/1994; DOG do 9 de agosto</i>)</li> <li>- Envío de circular aos pais e nais anunciando dito sorteo.</li> </ul>
30-Outubro (Martes)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sorteo público, ás 12'00 horas, para a designación dos membros da Xunta Electoral (Titulares e Suplentes).</li> <li>- Segundo o resultado anterior, envío de citacións para a constitución da Xunta Electoral</li> </ul>
5-Novembro (Luns)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Primeira reunión da Xunta Electoral:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Acto da súa constitución</li> <li>• Aprobación do calendario de actuacións</li> <li>• Publicación nos taboleiros de anuncios:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos.</li> <li>b) Dos correspondentes censos electorais.</li> </ul> </li> <li>• Escrito ao Concello e a ANPA solicitando a designación dos seus representantes.</li> </ul> </li> </ul>
6- Novembro (Martes)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Envío de circular ás nais e pais do alumnado coa convocatoria do seu sector</li> </ul>
Do 7 ao 16 Ambos incluídos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Prazo de presentación de candidaturas aos distintos sectores</li> </ul>
12-Novembro (Luns)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Envío de convocatoria para a celebración da segunda reunión da Xunta Electoral</li> <li>- Envío de convocatoria de Claustro informativo para o día 19 (<i>Art. 35 do Decreto 92/1988</i>)</li> </ul>
19-Novembro (Luns)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Segunda reunión da Xunta Electoral:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Admisión, proclamación e publicación de candidaturas. Ábrese o prazo de dous días para posibles reclamacións á proclamación de candidaturas.</li> <li>• Aprobación dos censos electorais e de modelo de papeletas, sobres, etc.</li> <li>• Sorteo público para a designación dos membros das mesas electorais.</li> </ul> </li> <li>- <b>Reunión de Claustro de Profesores</b> (Lectura de normas, Relación de candidaturas, Acordo de convocatoria de Claustro extraordinario para o día 26, luns.</li> </ul>
20-Novembro (Martes)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comezo das distintas campañas electorais.</li> <li>- Envío de:             <ul style="list-style-type: none"> <li>• Circular ás nais e pais do alumnado anunciando as candidaturas do seu sector.</li> <li>• Convocatoria de Claustro extraordinario a celebrar o día 26.</li> <li>• Citacións para a constitución das distintas mesas electorais.</li> <li>• Convocatoria para a terceira e última reunión da Xunta Electoral</li> </ul> </li> </ul>
23-Venres	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Envío aos pais e nais do alumnado dunha circular recordatoria do día das votacións do seu sector</li> </ul>
26-Novembro (Luns)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>VOTACIÓNS:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Persoal de administración e servizos, de ser o caso. (Ás 12'00 horas)</li> <li>- Profesorado. (Ás 16'00 horas)</li> <li>- Pais, nais e titores legais do alumnado. (De 17'00 a 20'00 horas)</li> </ul> </li> <li>- As actas das votacións deberán axustarse ao modelo publicado como Anexo I na Resolución do 25 de novembro de 2018 (DOG do 8 de outubro).</li> </ul>
28-Novembro (Mércores)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Terceira e última reunión da Xunta Electoral:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Proclamación e publicación de candidatos electos.</li> <li>• Traslado das actas das mesas electorais ao titular da Xefatura Territorial. Contra as decisións tomadas pola Xunta Electoral poderase presentar por un prazo de quince días reclamación perante a Xefatura Territorial.</li> </ul> </li> <li>- Envío de convocatoria de reunión para a constitución do novo Consello Escolar. (<i>Artigo 52 do Decreto 92/1988, DOG do 29 de abril</i>)</li> </ul>
3-December (Luns)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Celebración de reunión do novo Consello Escolar:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Constitución do Consello..</li> <li>• Designación dos membros que van a constituír a Comisión Económica.</li> <li>• Designación da persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. (<i>Art. 126.2 da LOE</i>).</li> <li>• Elección das persoas representantes da Comisión de Convivencia. (<i>Artigo 6.2 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, DOG do 27</i>).</li> </ul> </li> </ul>
Antes do 20 de decembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Envío á Xefatura Territorial o informe de seguimento que se publica como anexo II na Resolución do 25 de setembro de 2018</li> </ul>